

DAVE DOUGLAS QUINTET
ROMANO, SCLAVIS, TEXIER

Root Africaine

MARCOS PIN FACTOR -E- RESET
FRANCO D'ANDREA QUARTET

TRI-EZ. AGUSTI FERNANDEZ,
BALDO MARTINEZ, RAMON LOPEZ

MONKILLOS

FRANZ KOGLMANN Monoblue Quartet

Lo-lee-ta: Music on Nabokov

ATLANTIC BRIDGE

6

PIERRE FAVRE Solo *Poetry in motion*

LLUIS VIDAL TRIO FEAT. DAVE DOUGLAS
& PERICO SAMBEAT *Mompiana*

MARTIAL SOLAL Newdecaband

ROBERTO SOMOZA JAZZ ORQUESTRA

The Vanguard

ARILD ANDERSEN

RED TRIO & JOHN BUTCHER

CARLOS 'ZINGARO' Solo

YVES ROBERT TRIO

IRENE ARANDA QUINTETO

MARISCO FRESCO



ORGANIZA

Departamento de Cultura do Concello de Vigo
Praza do Rei, 1 - 36202 VIGO
Tlf: 986.810.239; fax: 986.228.438; correo: ofi.cultura@vigo.org

Concelleiro da Área de Cultura e Animación Sociocultural
Xesus López Carreira

Xefe do departamento de Cultura
Ignacio Oliveira López

Coordinación e Xestión do Festival
Marta Núñez Aboy

Dirección artística do Festival
Baldo Martínez Campoy

PATROCINA

CAIXANOVA

Consellería de Cultura e Turismo. Xunta de Galicia

INFORMACIÓN XERAL

www.imaxinasons.com

www.vigo.org

Servizo de atención cidadá: 010 (dende móbil ou fóra de Vigo 986.810.260)
Horario: de 8 a 20 h. de luns a venres, de 10 a 14 h. os sábados

VENDA DE ENTRADAS

www.caixanova.es / 902.504.500

ABONOS:

- Venta de abonos para os tres concertos do Centro Cultural Caixanova:
Prezos: Butaca: 30,60 €; 1º anf: 28,05 €; 2º anf: 25,50 €; 3º anf: 22,95 €
- Venta de abonos para os concertos de MARCO e Auditorio Municipal:
Prezo: 18 € (inclúe os 3 concertos de MARCO e os 4 do Auditorio Municipal)

Venda anticipada de entradas individuais:

*Prezos: MARCO: 3€
Auditorio do Concello: 5 €
Concertos en familia (24 de xuño): 3 € (non incluído no abono)
Centro Cultural Caixanova Butaca: 12 €; 1º anf: 11 €; 2º anf: 10 €; 3º anf: 9 €*

Venda de entradas no mesmo día dos concertos,

nos despachos de billetes da sala do concerto (no caso de non agotarse na venda anticipada)

Entrada Libre ate completar aforo, nas seguintes salas:

Auditorio "Martín Códax" do Conservatorio Superior de Música.
Praza da Constitución



ÍNDICE

Presentación	4
Programa	5
Fichas de artistas	8
Martial Solal Newdecaband	9
Jazz con moito swing	10
Monkillos	11
Marcos Pin Factor –E-Reset	12
Tri-EZ. Agustí Fernández, Baldo Martínez, Ramón López	13
Franco D´Andrea Quartet	14
“Mompiana”. Lluís Vidal Trio Feat. Dave Douglas & Perico Sambeat	15
Root Africaine. Romano, Sclavis, Texier	16
Pierre Favre Solo. Poetry in Motion	17
Carlos “Zíngaro” Solo. Violín con electrónica	18
Marisco Fresco	19
Red Trio & John Butcher	20
Yves Robert Trio	21
Arild Andersen	22
Roberto Somoza Jazz Orquestra. The Vanguard	23
Franz Koglmann Monoblue Quartet. Lo-lee-ta: Music on Nabokov	24
Irene Aranda Quinteto	25
Atlantic Bridge	26
Dave Douglas Quintet	27





6º FESTIVAL DE JAZZ DE VIGO “IMAXINA SONS”

PRESENTACIÓN

O Festival de Jazz de Vigo Imaxina Sons naceu cimentado no jazz vangardista e experimental do continente europeo fronte a visións estáticas e fórmulas buscadas nas listas de éxitos. O Imaxina Sons non entende o jazz como un estilo inamovible cunha técnica pechada, senón como un xeito de abordar a música no que o pasado non se reduce a un código a seguir de maneira virtuosa senón que se entende como un legado a ter en conta para crear novas posibilidades sonoras. De todas esas posibilidades leva dado boa conta o Festival Imaxina Sons, unha iniciativa do Concello de Vigo, desde a súa primeira edición en 2005, cun libro de visitas que reborda nomes de referencia e proxectos únicos. O menú do festival de Vigo componse de receitas procedentes de variados puntos xeográficos; se na posguerra europea Francia foise convertendo no centro neuráxico do jazz europeo, nos anos posteriores Italia, Reino Unido, Austria, Alemaña, Portugal, os países do Leste ou os escandinavos, desenvolveron o jazz con matices orixinais e propios que debuxaron un mosaico extraordinariamente suxestivo; partindo do free jazz e da libre improvisación, mais cun traballo que foi indagando co paso dos anos na música clásica, no folclore ou, nos últimos anos, na electrónica.

Imaxina Sons pretende desde os inicios mostrar á súa audiencia toda esa riqueza que, non poucas veces, vese apartada do canon marcado pola crítica ou das listas cociñadas nos medios de influencia en favor, claro está, dunha liña máis clásica marcada desde a outra beira do Atlántico. E non significa isto, porén, que Imaxina Sons renuncie aos mestres estadounidenses, practicamente todos eles, por certo, con vínculos europeos. E, así, desde a primeira edición convidamos a artistas como Béla Fleck, Stanley Clarke, Art Ensemble of Chicago, Wayne Shorter, Charles Lloyd ou, nesta sexta edición, Dave Douglas, considerado como a máis “europea” das figuras centrais do jazz estadounidense actual.

Pero non nos enganemos, a identidade de Imaxina Sons está forxada polo jazz continental, pola xeración de músicos que desde os anos setenta revolucionaron a improvisación en Europa e polas novas fornadas que están configurando unha escena tan prolífica como interesante. Nesa identidade, o jazz peninsular e, nomeadamente, o jazz feito en Galicia ten un papel motor xa que un dos obxectivos do festival é ser plataforma para os proxectos jazzísticos máis próximos e establecer unha rede entre artistas, escolas, institucións, clubs e audiencias. Imaxina Sons como unha sorte de nó, de cruce de camiños, no que atoparnos cunha diversidade, paradoxalmente, ben preto de nós. Nesta sexta edición continuamos por ese camiño emprendido en 2005 con propostas chegadas de todos os puntos de Europa. Agora, coa experiencia destes anos atrás, xa podemos afirmar con seguridade que se ben o jazz non está nas radio formulas, non atoparemos outro ámbito musical con máis paixón, tanto por parte dos músicos que o desenvolven como dos públicos que o seguen.





PROGRAMA

MÉRCORES, 23 DE XUÑO

21,30 h **Concerto de inauguración:**
Martial Solal Newdecaband

Teatro-Sala de concertos do Centro Cultural Caixanova

XOVES 24 DE XULLO

Jazz con moito swing

Auditorio do Concello

VENRES, 25 DE XUÑO

20,30 h **Monkillos**

22,00 h **Marcos Pin Factor –E-Reset**

Auditorio “Martín Códax” do Conservatorio Superior de Música

SÁBADO 26 DE XUÑO

20,30 h **Tri-EZ. Agustí Fernández, Baldo Martínez, Ramón López**

22,00 h **Franco D’Andrea Quartet**

Auditorio “Martín Códax” do Conservatorio Superior de Música

DOMINGO 27 DE XUÑO

19,30 h **“Mompiana”.**

Lluís Vidal Trio Feat. Dave Douglas & Perico Sambeat

Auditorio “Martín Códax” do Conservatorio Superior de Música

22,00 h. **Root Africaine. Romano, Sclavis, Texier**

Teatro-Sala de concertos do Centro Cultural Caixanova

LUNS, 28 DE XUÑO

21,30 h **Pierre Favre Solo. Poetry in Motion**

Salón de actos do MARCO



MARTES, 29 DE XUÑO

21,30 h **Carlos "Zingaro" Solo. Violín con electrónica**
Salón de actos do MARCO

MÉRCORES, 30 DE XUÑO

21,30 h **Marisco Fresco**
Salón de actos do MARCO

XOVES 1 DE XULLO

20,30 h **Red Trio & John Butcher**
Auditorio do Concello

23,00 h **Yves Robert Trio**
Praza da Constitución

VENRES 2 DE XULLO

20,30 h **Arild Andersen**
Auditorio do Concello

23,00 h **Roberto Somoza Jazz Orchestra. The Vanguard**
Praza da Constitución

SÁBADO 3 DE XULLO


20,30 h **Franz Koglmann Monoblue Quartet.
Lo-lee-ta: Music on Nabokov**
Auditorio do Concello

23,00 h **Irene Aranda Quinteto**
Praza da Constitución

DOMINGO 4 DE XULLO


19,30 h **Atlantic Bridge**
Auditorio do Concello

22,00 h **Concerto de clausura. Dave Douglas Quintet**
Teatro-Sala de concertos do Centro Cultural Caixanova



...E MÁIS IMAXINA SONS 2010

Agora que presentamos a columna vertebral do 6º Festival de Jazz de Vigo “Imaxina Sons”, continuamos preparando máis contidos para este 2010. Contaremos, como nas anteriores edicións, cun conxunto de propostas máis alá dos concertos para abordar o universo do jazz desde distintos ángulos, preferencias ou idades. Pasacalles, concertos de jazz na noite en diferentes locais da cidade, mesas de conversa e debate e clases maxistras de artistas convidados á edición de 2010 sumáranse á oferta de actividades do festival. Ademais nesta edición queremos implicar a máis veciños e veciñas para que participen do programa do festival, e por esa razón, incluiremos novas propostas que continúen afianzando a idea dun festival para goce dunha cidade.



Fichas artistas





Mércores 23 de xuño, 21:30 h.

Concerto de apertura. Teatro-Sala de Concertos do Centro Cultural Caixanova

Martial Solal Newdecaband

Trátase dunha das lendas vivas do piano e poucos poden facerlle sombra no dominio das oitenta e oito teclas a Martial Solal (Arxelia, 1927). Con toda a bagaxe que acumula detrás e aos seus oitenta e tres anos o pianista practica a diario durante horas porque no traballo constante reside a súa mestría. Esa mestría pola que algúns críticos din que é un dos poucos que pode traducir inmediatamente nas teclas o que pasa pola súa imaxinación. Nos seus comezos chegou a tocar con Django Reinhardt e acadou celebridade componendo extraordinarias bandas sonoras para o mellor cine francés. Sen dúbida, a presenza de Martial Solal en Imaxina Sons era obrigada; era unha cuestión de tempo e oportunidade para un festival que, non só acredita, senón que se alimenta do jazz europeo e para o cal Solal é un referente. Co proxecto Newdecaband o pianista reúne a colaboradores habituais como Eric Le Lann cunha nova vaga de músicos franceses para un traballo vibrante que soa descaradamente cinematográfico e que será a mellor apertura posible para a sexta edición de Imaxina Sons.



Martial Solal fíxose coñecido en Europa e nos Estados Unidos a partir do seu traballo de composición musical para o cine aínda que en 1956 xa acadara o premio Django Reinhardt que concede a Academia Francesa de Jazz. Solal tivera a oportunidade de tocar e gravar co guitarrista falecido só tres anos antes. É autor da banda sonora dunha película de referencia, clave na chamada Nouvelle Vague, À bout de souffle de Jean Luc Godard, filme estreado en 1960 e protagonizado por Jean Paul Belmondo e Jean Seberg que en España traducíuse como Al final de la escapada. Tamén asinou a música de Le Testament d'Orphée (1960) de Jean Cocteau –fin da triloxía deste director na que a morte estaba encarnada pola actriz galega exiliada María Casares- e de Trois chambres a Manhattan (1965) de Marcel Carné.

Foi precisamente a comezos dos anos sesenta cando forma trío con Daniel Humair na batería e Guy Pedersen acadando un grande recoñecemento nos festivais do jazz europeos, en 1963 fai a súa primeira incursión estadounidense participando no Festival de Jazz de Newport e xa na década dos setenta, grava varios discos co saxofonista Lee Konitz. Do seu afán por seguir medrando musicalmente cos anos da fe o disco NY1: Live at the Village Vanguard (Blue Note Records, 2003), gravado unha semana antes do atentado contra as torres xemelgas do once de setembro de 2001 xunto a François Moutin e o batería Bill Stewart, as múltiples colaboracións e redes tendidas nos últimos anos, como a establecida con outro dos convidados excepcionais desta sexta edición de Imaxina Sons, Dave Douglas, co que gravou o disco Rue de Seine (Camjazz, 2006) e o seu último traballo editado Live at the Village Vanguard: I Can't Give You Anything But Love (Camjazz, 2009), retorno ao mítico club neoiorquino, esta vez só e, no que algúns consideran o seu disco definitivo. Con Newdecaband edita o traballo Exposition sans tableau (Nocturne, 2007), un proxecto marcado polos matices e detalles que aporta a instrumentación ás composicións de Solal, co que o público goza pola tensión que se mantén de principio a fin e no que ademais conta con Claudia Solal. A estirpe continúa na música aínda que no caso dela, coa voz como instrumento.

Martial Solal, piano
Claude Egea & Eric Le Lann, trompetas
Jean-Jacques Justafre, trompa
Claudia Solal, voz
Denis Leloup & Marc Roger, trombóns
François Thilliez, tuba
Thomas Grimmonprez, percusións
Jean-Philippe Morel, baixo eléctrico e acústico

Xoves 24 de xuño

Auditorio do Concello

Jazz con moito swing

No Festival de Jazz de Vigo Imaxina Sons sempre houbo preocupación por chegar aos públicos máis novos, aqueles que entran no mundo da música de maneira natural e que teñen unha grande capacidade para asumir e gozar novas formas artísticas e musicais. De feito, o programa do festival incluíu máis dunha vez algunha produción destinada para públicos familiares e, máis concretamente, para os espectadores cativos. Esta ten sido unha demanda do público de Imaxina Sons nas últimas edicións: promover a afección ao jazz e ás musicas improvisadas entre as audiencias pequenas procurando propostas axeitadas que conciban aos nenos como un público especial, pero tan ou máis esixente que o adulto.

Nesta sexta edición achegámonos a esas audiencias cunha obra teatral musical especialmente escrita e composta para Imaxina Sons que contará con música en vivo. Esta obra conta a historia dun can con pouco ritmo que é posto en apuros por uns felinos vagabundos e pícaros con moito swing. No espectáculo empregárase a técnica de luz negra e muppets (monicreques) fluorescentes, e incluírase a interpretación musical en directo como parte fundamental da montaxe. O auditorio do Concello de Vigo acollerá varias funcións desta peza durante a xornada do 24 de xuño.





Venres 25 de xuño, 20:30 h.

Auditorio "Martín Códax" Conservatorio Superior de Música

Monkillos

Co seu disco *In Monk We Trust* (Freecode, 2009), os Monkillos fan toda unha declaración de intencións sobre o seu proxecto musical. Por unha banda, a adhesión incondicional á congregación de seguidores dese grande músico chamado Thelonius Monk, que o trío galego reinterpreta rendido de admiración. Por outro lado, a pretensión única de facer música que chegue aos pés e ás cabezas dun amplo público. Miguel Cabana (A Coruña, 1975) Marcelino Galán (A Coruña, 1972) e Xacobe Martínez Antelo (Santiago de Compostela, 1976) remexen na súa fórmula a música de Monk, a tradición afrocubana e os sons flamencos e, no conxunto, destaca a pericia técnica de cada un destes tres músicos da nova xeración jazzista do país.



Os pasos de Cabana, Galán e Martínez Antelo crúzanse nos últimos anos en distintos proxectos e é de supoñer que a complicidade que se percibe cos Monkillos é froito de moito compartir escena. A Miguel Cabana gústalle subliñar que procede dunha familia na que a música era unha parte fundamental da súa vida. Da Orquesta Cabana foron promotores e integrantes o avó, saxo alto o pai, saxo tenor, e outros parentes. El optou pola batería e desde os quince anos moveuse entre grupos de rock, de funk ou de pop. Estudou na Escola de Música Creativa de Madrid e posteriormente, en 1999, entra a dar clase na sección de jazz e música moderna da Escola Municipal de Música da Coruña e amplía curriculum co título de Jazz Performance en Londres. Como os outros membros dos Monkillos, multiplica as súas tarefas como músico; forma parte, entre outros grupos, do cuarteto de José Luis Evangelista e do Carmen Rey Grupo.

O guitarrista Marcelino Galán foise aos dezoito anos a Barcelona onde cursou estudos de Grao Superior de Música Moderna no Taller de Músics da capital catalá; despois iría ao Berklee College of Music en Boston, EUA. Actuou en numerosos festivais de jazz na península en diferentes formacións; como líder puxo en marcha diferentes proxectos como un trío que pasaría a quinteto con traballos recentes como Marcelino Galán-Zinco (Freecode, 2008). Foi profesor no Taller de Músics de Barcelona entre 1995 e 2001 e actualmente é profesor da área de jazz-guitarra no Conservatorio Superior de Música da Coruña. O último vértice dos Monkillos é o contrabaixista Xacobe Martínez Antelo, cuxa adicación ao jazz se reparte entre varios proxectos como Sumrrá, con catro discos editados desde 2003, e outras formacións de trío e quinteto como líder. Abordou a súa primeira gravación discográfica como responsable integral co traballo *Isto é Jazz* (Freecode, 2006). Tamén lle queda tempo para outras iniciativas extra-jazzísticas como *La Tirana*, de novo con Galán, e *Patricia de Lorenzo* poñendo a voz nunha homenaxe a *La Lupe* en clave de bossa nova.

Monkillos é un proxecto recente para estes tres músicos pero, como xa avanzábamos, o entendemento entre eles, a súa complicidade e o toque orixinal co que queren impregnar esta homenaxe, faise evidente ao escoitalos. Música de Monk con toques cubanos e aires flamencos, traídos polas percusións de Cabana. É verdade que *In Monk We Trust* é repertorio 100% Monk con pezas como *Evidence*, *Bemsha's Swing*, *Balúe Bolívar*, *Balúes Are*, *Ruby My Dear* e *Misterioso*, pero esta selección camiña cara á rumba, a bulería, o son cubano... Din Monkillos que o deles é un esforzo de síntese da música de Monk e que non hai que escandalizarse porque no mundo hai milleiros de formas de interpretar a obra do xenial pianista.

Miguel Cabana, percusións
Marcelino Galán, guitarra
Xacobe Martínez Antelo, contrabaixo

www.miguelcabana.com
www.marcelinogalan.com
www.xacobemartinezantelo.com



Venres 25 de xuño, 22:00 h.

Auditorio "Martín Códax" Conservatorio Superior de Música de Vigo

Marcos Pin Factor –E- Reset

Marcos Pin (Lugo, 1974) é un deses nomes recorrentes á hora de falar da nova escena jazzística de Galicia e este ano o seu proxecto Factor –E- Reset ten cabida dentro de Imaxina Sons nun dos espazos do festival que pola súa significación e historial máis cabida dan aos sons experimentais, o Conservatorio Superior de Música. Factor –E- Reset xorde hai apenas dous anos para dar vida ao repertorio orixinal para orquestra de jazz composto polo guitarrista Marcos Pin. Entre aqueles encargados de interpretar a obra do lucense, algúns dos nomes máis singulares do novo jazz e da música contemporánea de Galicia como o batería LAR Legido ou o contrabaixista Paco Charlín.

Aos oito anos Marcos Pin xa comezou a tocar a guitarra e a música comezou a formar parte fundamental da súa formación, asistindo a clases en Lugo e despois tendo como mestres ao guitarrista Alberto Penoucos e, en Santiago de Compostela, ao pianista Abe Rábade co que afonda no mundo da composición e dos arranxos. No ano 2000 recibe a bolsa da Fundación Autor para realizar estudos de composición no estranxeiro: aproveitará esta oportunidade no conservatorio de Amsterdam. Permanece en Holanda onde lle outorgan unha bolsa e é aceptado como estudante de guitarra jazz no Royal Conservatorium na Haya, onde obtén a licenciatura en 2006. Alí, nos Países Baixos, nacerá a primeira formación de trío con batería e contrabaixo que liderou. Marcos Pin ten tocado cunha longa lista de músicos de jazz e participado en diversos proxectos experimentais. Forma parte de Organic Collective xunto a Carlos López, batería, e Juan Galiardo, órgano hammond, e recentemente editou o disco Knock Before (Freecode, 2009) cun cuarteto conducido polo saxofonista Thanos Athanopoulos e con Paco Charlín ao contrabaixo e LAR Legido á batería.



Con Factor –E- Reset, Marcos Pin, que imparte clase na Escola Estudio de Música de Santiago de Compostela, pon en pé un proxecto cobizoso; un traballo intimista que conta, porén, con toda a cor dunha orquestra formada por reputados músicos. Na sexta edición de Imaxina Sons mostrarán todo o seu potencial e os resultados de dar cabida no proxecto a novos compositores emerxentes na música contemporánea como Javier López.

Javier Pereiro, trompeta e fliscorno
Jose Nine, saxo alto e frauta
Toño Otero, saxo tenor
Santiago Cañada, trombón
Luis Miranda, bombardino, trombón, clarinete e melódica
Miro Herak, vibráfono
Marcos Pin, guitarra
Paco Charlín, contrabaixo
LAR Legido, batería
Diego García, director

www.marcospin.es



Sábado 26 de xuño, 20:30 h.

Auditorio "Martín Códax" do Conservatorio Superior de Música

Tri-EZ

Tres músicos excepcionais con apelidos moi comúns. O pianista Agustí Fernández (Palma de Mallorca, 1954), o contrabaixista Baldo Martínez (Ferrol, 1959) e o batería Ramón López (Alacante, 1961) escóitanse, tocan e constrúen unha obra colectiva froito da calidade individual de cada un dos tres e da súa capacidade para poñela en común. Traspasando as fronteiras do jazz, subiron ao escenario xuntos case de maneira fortuíta en 2006 e na súa estrea no Festival Les Couleurs du Jazz en París xa quedaba claro que este "triálogo" era un magnífico exercicio de composición libre. Agora prepáranse para editar o seu primeiro disco no vindeiro outono; mentres quecen motores en acolledores espazos como a sexta edición de Imaxina Sons en Vigo.



Cunha abraiante traxectoria xa, o pianista Agustí Fernández é o nome de referencia na música de vangarda española. Presente en relevantes eventos jazzísticos e admirado por este público, Fernández nunca se considerou un músico de jazz en sentido estrito. Na pasada edición de Imaxina Sons puidemos asistir a un abraiante concerto solista de Fernández. Mantén ademais varios proxectos estables: o cuarteto, un dúo coa frautista norteamericana Jane Rigler e, desde hai máis de dez anos, o Trío Local con Joan Saura e Liba Villavecchia. As inquedanzas artísticas conducírono a colaborar con músicos como o cantor Miguel Poveda ou co bailarín Andrés Corchero co que leva creando espectáculos conxuntamente desde 1998. Desde hai oito anos é membro da Barry Guy New Orchestra. Entre os seus últimos traballos, o disco *Un llamp* que no s'acaba mai –en trío cos británicos John Edwards e Mark Sanders– foi escollido entre os mellores de 2009 pola publicación neiorquina *All about Jazz*.

Baldo Martínez é un dos jazzistas españois con máis recoñecemento, considerado un artista imaxinativo cunha marcada personalidade musical. Crea en 1994 o seu propio grupo despois de fundar bandas emblemáticas como *Clunia* ou *Zyklus* e de traballar con destacados músicos como Jorge Pardo, Maria João, Bob Moover, Mike Rabinowitz, Chano Domínguez, Perico Sambeat, Angel Rubio, Carlo Actis Dato, Paolo Fresu, Kenny Wheeler e Joachim Kühn, entre outros. Para a edición de 1999 do Festival Internacional de Jazz de Guimarães (Portugal) –un dos máis importantes no campo do novo jazz europeo–, recibiu a encomenda de realizar e dirixir o *Proyecto Miño*: unha serie de composicións que, a modo de suite, desenvolven un repertorio baseado na música tradicional de Galicia e do norte de Portugal. O seu primeiro disco como líder foi *No país dos ananos* (Karonte, 1996) e dous anos despois presenta o segundo, *Juego de niños* (Karonte 1998), no que introduce a zanfona en dous temas. En 2005 recupera o *Proyecto Miño*, o proxecto enriquecese e é gravado en 2007. É considerado disco do mes de xaneiro de 2008 pola revista francesa *Jazz Magazine* e é nomeado aos Premios da Música en España como mellor álbum de jazz.

O terceiro jazzman de apelido corrente é Ramón López que, porén, é Cabaleiro das Artes e das Letras desde 2008, foille concedida esta distinción polo goberno francés debido ao traballo desenvolvido neste país no que vive desde hai vintecinco anos. A mediados dos setenta comezou a tocar a batería de forma autodidacta, en 1985 decide completar a súa formación en París e irase incorporando á escena experimental francesa. Entre 1997 e 2000 foi batería da Orquestra Nacional de Jazz de Francia baixo a dirección de Didier Levallet e actuou por todo o mundo con artistas como Anthony Coleman, Joachim Kühn Barry Guy, Enrico Rava, Louis Sclavis, Archie Shepp, Glenn Ferris, Howard Johnson e Hans Koch, entre outros. O seu último proxecto persoal é *Ramón López Freedom Now Sextet*. Comparte cos outros dous músicos deste Tri-EZ, ademais dun apelido ben común, a paixón polos proxectos arriscados.

Agustí Fernández, piano
Baldo Martínez, contrabaixo
Ramón López, batería, percusión e táboa

www.agustifernandez.com
www.baldomartinez.com



Sábado 26 de xuño, 22:00 h

Auditorio "Martín Codax" Conservatorio Superior de Vigo

Franco D´Andrea Quartet

Desde finais dos setenta, un ano si e outro tamén, a crítica italiana considera a Franco D´Andrea (Merano, Italia, 1941) o mellor músico de jazz do país; non ten pouco mérito nun país no que o jazz bule e que conta cunha xeración de músicos, que medrou nos anos oitenta, e que constitúe unha escena de referencia dentro do jazz mundial. Pero é que ás dotes de D´Andrea para a composición e a interpretación únese unha capacidade de sedución que atrapa ás audiencias iniciadas pero tamén a aqueles que se achegan por vez primeira ao jazz. Posúe unha maneira de comunicar directa e didáctica, que aplica como profesor en conservatorios e seminarios e que quedou ben retratada no documental *Jazz Pianist*, realizado en 2006 por Andreas Pichler, que recollía a voz de toda unha xeración de jazzistas italianos ao redor da figura de Franco D´Andrea. En formación de cuarteto, xunto a Andrea "Ayace" Ayassot, saxo alto, Aldo Mella, contraabaixo e Zeno de Rossi, batería, Franco D´Andrea chega á sexta edición do Festival de Jazz de Vigo Imaxina Sons.




Aos dezasete anos, Franco D´Andrea comezou a tocar o piano despois de iniciarse na música coa trompeta e o saxo soprano. Axiña, en 1963, toma a senda da música profesional co trompetista e compositor Nunzio Rotondo na Radiotelevisión Italiana en Roma. Rotondo (Roma 1924-2009) está considerado un dos músicos máis importantes da historia do jazz en Italia e na década dos sesenta traballou como músico na radio e nas televisións públicas do país. En Italia, como xa se indicou, o recoñecemento nos círculos especializados é unánime. Xa en 1979 os críticos do seu país outorgáronlle o seu premio e tres anos máis tarde recibía o galardón de Radiouno Jazz. A revista italiana *Musica Jazz* colocouno no cumio da súa lista dos mellores nos anos 1982, 1984, 1985, 1986, 1987, 2005 e 2008. Así mesmo deulle o premio ao mellor disco italiano en 1984 por *No Idea Of Time* e en 1986 levouse o correspondente ao mellor grupo en vivo polas actuacións co seu cuarteto. Na década dos anos noventa comeza a traballar coa formación de cuarteto que presenta nesta edición de Imaxina Sons e que xa ten rexistradas importantes gravacións como *Jobim* (Philology, 1997), *Ballads and Rituals* (Philology, 1997), *Eleven* (Philology, 1998), *Combinazione 1* (Via Veneto, 2000), *Live at Iseo Jazz* (Philology, 2002), *Dancin´ Structures* (Backbeat, 2004) e *The Siena Concert* (Blue Note, 2008), un directo que atravesa a historia do piano jazz ao longo das últimas décadas, con visitas ás raíces africanas, ao funk e a toda a diversidade que emana a mestría improvisadora dos catro músicos.

A Franco D´Andrea acompañano neste proxecto tres músicos dunha xeración posterior na escena italiana. Andrea Ayassot estuda saxofón obtendo o seu título en 1990; tras varias incursións na música contemporánea, interésase pola improvisación e acrecenta o seu interese polo jazz en festivais como o de Umbria ou o de Siena. Aldo Mella, ademais de contraabaixista, é enxeñeiro de son e as súas primeiras experiencias como músico tiveron lugar nos anos setenta no ámbito do rock. Posteriormente, e para canalizar a súa actividade compositora, promove formacións como Xaxexo Funk- Mella & Allione e xa nos noventa funda a big band *L´archetiporchestraI*. Por último, o rexistro de Zeno de Rossi na batería viaxa do sutil ao explícito e contundente; este percusionista ten colaborado con músicos que beben de fontes diversas como o folk, o pop e o rock: Chris Speed, Marc Ribot, Giovanni Maier, Cristina Zavalloni, Flaco Jimenez, Shane Mac Gowan, Vinicius Cantuaría, Enrico Rava ou Calexico, entre outros. Desde 2005 forma parte da asociación cultural e discográfica *El Gallo Rojo*.

Franco D´Andrea, piano
Andrea "Ayace" Ayassot, saxo alto
Aldo Mella, contraabaixo
Zeno de Rossi, batería

www.francoandrea.com
www.andreaayaceayassot.com



Domingo 27 de xuño, 19:30 h.

Auditorio "Martín Códax" Conservatorio Superior de Música de Vigo

Mompiana. Lluís Vidal Trio Feat. Dave Douglas & Perico Sambeat

Falaba Frederic Mompou (Barcelona, 1893-1987) das súas composicións como música de audición interna; cos medios mínimos o compositor tiña como obxectivos "penetrar nas grandes profundidades da alma e as rexións máis secretas do espírito". Ao pianista Lluís Vidal (Barcelona, 1959) perseguiu sempre a música de Mompou, até chegou a vivir no mesmo edificio que o compositor en Barcelona nos últimos anos de vida deste. Mompiana é unha relectura de Mompou baixo os parámetros da música improvisa. No disco do mesmo nome



(Universal / Contrabaix, 2009) o Lluís Vidal Trio, co pianista, Masa Kamaguchi no contrabaixo e David Xirgu na batería conta coa colaboración de dous dos principais solistas do jazz mundial, o saxofonista Perico Sambeat e o trompetista Dave Douglas. A sexta edición de Imaxina Sons reúne a mesma formación no auditorio do Conservatorio para apreciar a modernidade de Frederic Mompou en clave de jazz.

Para comprender a trascendencia do proxecto ideado por Lluís Vidal é preciso achegarse ao mundo musical de Frederic Mompou, un compositor de prestixio universal que se consideraba a si mesmo home de poucas palabras e músico de poucas notas. Mompou creou unha linguaxe sonora propia e a súa música caracterízase pola melancolía e nítrese en moitas ocasións de melodías do folclore catalán. Esa música calada fíxoo destacar desde novo; foi alumno do compositor francés Gabriel Fauré quen apoia o traballo do barcelonés, quen ve como o seu mestre Motte-Lacroix estrea obras súas nun concerto en 1921. A publicación dunha crítica no xornal *Le Temps* colocáralo á par de compositores como o propio Fauré, Ravel ou Satie. Pasaría vinte anos en Francia até que volve a Barcelona en 1941; foi membro da Real Academia Catalá de Belas Artes Sant Jordi e recibirá en 1981 o Premio Nacional da Música de España. En 2006 nace a Fundación Frederic Mompou para conservar e difundir o seu legado; meses máis tarde faise público o achado de decenas de obras inéditas do compositor e pianista.

Lluís Vidal afonda nos cadernos de Música Callada de Mompou, considerado un traballo de orfebrería musical, para facer a selección de composicións de Mompiana. Tamén recupera a composición *Temps de blues*, única peza do mestre, xunto cun foxtrot descuberto recentemente, directamente inspirada no jazz. Así mesmo Vidal inclúe un orixinal seu, *Cançó i dança*, inspirado no legado musical de Mompou. "As pezas seleccionadas tiñan que proporcionar unha forma e unha base harmónica apta para a improvisación, unha liña melódica adecuada para os instrumentos dos que dispuña e unha diversidade nos tempos e caracteres. Por outro lado, non quería facer unha relectura que se afastara diametralmente do orixinal, senón que a obra de Mompou fose recoñecible e conservase a súa esencia. Tiña a sensación de estar camiñando sobre unha finísima liña de equilibrio", explica o pianista e compositor.

Mompiana é un proxecto moi celebrado por crítica e público desde a súa presentación en directo no Festival de Jazz de Barcelona de 2008 e a súa edición discográfica posterior. A formación de quinteto que se poderá gozar no Festival de Jazz de Vigo Imaxina Sons afonda nunha revisión ideada por Vidal repleta de matices que se ven, se cabe, máis enriquecidos coas interpretacións solistas de Dave Douglas e Perico Sambeat. Unha homenaxe a Mompou, que é conducido no século vinte e un por novos roteiros, neste caso polos brillantes e misteriosos camiños da música de jazz.

Lluís Vidal, piano
Masa Kamaguchi, contrabaixo
David Xirgu, batería
Dave Douglas, trompeta
Perico Sambeat, saxos e frauta


www.lluisvidal.com

Domingo 27 de xuño, 22:00 h.

Teatro-Sala de Concertos do Centro Cultural Caixanova

Root Africaine. Romano, Sclavis, Texier

O saxofonista e clarinetista Louis Sclavis (Lyon, Francia, 1953), o contrabaixista Henri Texier (París, Francia, 1945) e o batería Aldo Romano (Belluno, Italia, 1941) atopáronse con África hai vinte anos e esa experiencia incorporouse de maneira definitiva ao seu traballo. Descubriron xuntos nun primeiro momento África Central acompañados do fotógrafo Guy le Querrec, viaxeiro incansable e con intensos vínculos profesionais co mundo do jazz. O resultado desa e das posteriores visitas africanas é unha viaxe jazzística que explora África desde a perspectiva de tres músicos asentados en Europa e tres discos editados até o momento con obras de cada un deles: *Carnet de Routes* (Label Bleu 1995), *Suite Africaine* (Label Bleu, 1999) e *African Flash Back* (Label Bleu, 2005). O fotógrafo Guy le Querrec (Bretaña, Francia, 1941) convértese nun cuarto membro neste proxecto integrando o seu traballo fotográfico, non só nas edicións discográficas mencionadas con libretos espléndidos, senón na posta en escena dos concertos. *Root Africaine* é o título do concerto co que o 6º Festival de Jazz de Vigo Imaxina Sons pon sobre o escenario a tres das figuras de referencia do jazz europeo transitando polas imaxes africanas de Guy le Querrec.



A paixón africana de Romano, Sclavis e Texier converteuse nun dos sucesos do jazz europeo dos últimos quince anos; á aposta orixinal súmase o prestixio e renome destes tres músicos. Aldo Romano, nacido en Italia pero emigrado a Francia, comezou a tocar a batería aos vinte anos e pouco tempo despois xa camiñaba polo carreiro do free jazz, influído por un dos seus pioneiros á batería, o norteamericano Sunny Murray. Requisido para tocar con músicos de jazz de ambas beiras do Atlántico, a finais dos anos oitenta forma un grupo cento por cento italiano con Franco D'Andrea e Furio Di Castri. A súa faceta compositora acadará a maior expresión co encontro con Sclavis e Texier a principios dos anos noventa.

Antes daquel encontro, Louis Sclavis xa acadara un nome propio no mundo do jazz; premio Django Reinhard ao mellor músico francés en 1988 e British Jazz Award ao mellor artista estranxeiro en 1990/91. En 1996 edita *Les violences de Rameau* (ECM), ao ano seguinte xira por Asia con Daniel Humair, Michel Portal e Bruno Chevillon e en 1999 asina a banda sonora da película 1999: *Ça commence aujourd' hui* (Hoxe comeza todo) de Bertrand Tavernier. *L'affrontement des prétendants* (ECM, 2000) e *Dans la nuit* (ECM, 2002), que obtén o primeiro premio do público no Festival Strade del Cinema en Aosta, Italia, son os discos cos que entra no século vinteun. Consciente e crítico do poder mediático e popular do jazz norteamericano, este referente da vangarda europea síntese, porén, moi preto da exploración musical emprendida por Dave Douglas, outro dos pratos fortes do festival.

O público de Imaxina Sons tamén tivo a oportunidade de ver a Henri Texier cando visitou o festival co *Strada Sextet* en 2007. Cando Texier descubre o jazz sendo neno axiña deixa o piano polo contrabaixo e nos anos sesenta, da man de Daniel Humair, comeza a tocar nos clubs de París con artistas como Bud Powell, Kenny Clarke, Johnny Griffin e Bill Coleman. Con *L'European Rhythm Machine* participa en todos os grandes festivais de jazz de Europa e os Estados Unidos nos sesenta. Con Louis Sclavis comeza a colaborar nos primeiros oitenta; faino tamén con Michel Portal nese tempo e comeza a realizar traballos para cine, televisión, teatro e danza.

En canto ao cuarto membro desta proposta, Guy le Querrec facía as súas primeiras fotografías de músicos de jazz en directo en Londres a finais dos anos cincuenta. A obra de Le Querrec foi obxecto de numerosas exposicións e na procura de novos xeitos de ollar uniu as súas paixóns, o jazz e a fotografía, nun novo formato de mostra. En 1983 proxecta por vez primeira as súas imaxes nun directo dun cuarteto de jazz. En *Root Africaine*, a ollada de Le Querrec convértese nun instrumento fundamental enriba do escenario.

Aldo Romano, batería
Louis Sclavis, saxo e clarinetes
Henri Texier, contrabaixo
Guy le Querrec, fotografía




Luns 28 de xuño, 21:30 h.

Salón de Actos do MARCO

Pierre Favre Solo. Poetry in Motion (Poesía en Movemento)

¿Pódese facer poesía coas baquetas e os pratos dunha batería? Non son poucos os que din que o percusionista Pierre Favre (Le Locle, Suíza, 1937) escribe poema e pinta cadros cando se concentra na súa batería. Un dos expoñentes do free jazz europeo, procedente dun país, Suíza, pródigo en percusionistas, chega a Imaxina Sons coa súa proposta solista na que desprega toda a súa inventiva e sensibilidade. A batería de Favre independízase do seu papel rítmico convencional e, da man do suízo, consegue ser vehículo de ritmo e melodía provocando que os concertos solistas de Favre acaden dimensións orquestrais. Un ano máis, o MARCO acolle dentro da cita do jazz de Vigo propostas singulares e excéntricas –no sentido literal



primeiro da palabra- que exploran lugares recónditos dentro da improvisación.

Pierre Favre, autodidacta, comezou a tocar como músico profesional aos dezasete anos; pasou polo dixieland antes de ser atrapado polo influxo do free jazz. A mediados da década dos cincuenta xa acompañaba a artistas norteamericanos en xira como Lil Hardin Armstrong e Albert Nicholas. Nos anos sesenta tocou con músicos de bop como Bud Powell, Benny Bailey e Booker Ervin. Será nos anos sesenta cando Favre desenvolva o seu interese polo free jazz formando un trío coa pianista Irene Schweizer e o contrabaixista George Mraz. En 1968 tamén toca con Evan Parker en formación de cuarteto. Grava o seu primeiro disco en solitario no ano 1978 Mountain Wind (Gemini), e lidera unha formación de percusionistas da que forman parte músicos como Nana Vasconcelos e Paul Motian. Durante as décadas dos anos oitenta e noventa, con distintos músicos como a cantante francesa Tamia ou o compositor Arvo Part, grava discos para o selo ECM. Entre os seus últimos traballos atópanse Punctus (Splasch Records, 2001), Crisscrossing (FMR, 2004) e Fleuve (ECM, 2007).

O traballo de Favre bebe moito da tradición musical europea, do jazz do continente e dos movementos de vangarda. Pero a súa nómina de colaboracións inclúe a percusionistas de África, India, Brasil, China ou Corea. As asociacións arriscadas son un reto para un home que é moito máis que un batería; está considerado un dos mellores percusionistas do mundo e os seus parceiros nas múltiples aventuras musicais destacan as cores que aporta á música improvisada. A súa experiencia tamén foi transmitida a novas xeracións de músicos xa que Favre impartiu clases durante anos en escolas e conservatorios en Suíza. Mestre das pausas e dos silencios, proponnos nesta sexta edición do festival un exercicio total de liberdade fronte á batería.



Martes 29 de xuño, 21:30 h.

Salón de Actos do MARCO

Carlos “Zíngaro” Solo. Violín con electrónica

Carlos “Zíngaro” (Lisboa, 1948) é un activista da arte experimental; expoñente da música improvisada europea, o violinista e compositor fundiu o seu traballo ao longo das últimas catro décadas noutras disciplinas como a danza, o teatro ou o cine. Ademais desenvolve a súa creatividade noutras lides como a ilustración e a banda deseñada, traballo gráfico que se pode ver en moitas das súas edicións discográficas. Pero é como virtuoso do violín desde o campo da improvisación como se presenta nesta sexta edición de Imaxina Sons cunha proposta electrónica. Na súa longa traxectoria participou nas grandes citas de jazz e da música de vangarda en todo o mundo, para o Festival de Jazz de Vigo é unha honra poder incluír no seu programa a presenza dun dos violinistas máis interesantes da escena actual.



No Conservatorio de Lisboa comezou Carlos Zíngaro a súa andaina na música desde ben neno; os seus estudos de música clásica complementáronse coa súa integración na Orquestra de Cámara da universidade de Lisboa. Foi a finais dos anos sesenta cando formou Plexus, unha rara avis naquel momento en Portugal que se alimentaba da música contemporánea, do rock e da improvisación. Do conservatorio pasou á Escola Superior de Teatro de Lisboa, onde se especializou na composición e interpretación de música para teatro e onde anos despois impartiría aulas. Na década dos anos setenta mergúllase na improvisación colaborando cunha chea de músicos, pero sen abandonar o teatro xa que exerce de director musical da compañía lisboeta Cómicos entre 1974 e 1980. Nese tempo tamén participa na fundación da galería de arte do mesmo nome na capital portuguesa, hoxe en día unha das máis prestixiosas do país, e recibe unha bolsa Fulbright que o leva a Woodstock, Nova York, a participar na Creative Music Foundation, promovida entre outros a principios dos setenta por Ornette Coleman para fomentar a arte da improvisación e as colaboracións entre músicos de diferentes partes do mundo. En 1981 recibe o premio da crítica portuguesa como mellor músico de teatro e durante toda a década a súa implicación nas artes dramáticas é total, incluíndo facetas como o deseño de vestuario. Espalla o seu modo de entender a composición e a interpretación ao mundo da danza, colaborando con compañías como a da Fundación Gulbenkian ou a da Ópera de Xenebra. En canto ás súas colaboracións, abranguen a músicos do campo experimental, desde Mats Gustafsson até Otomo Yoshihide, pasando por Tom Cora, Derek Bailey ou John Butcher, a quen poderemos ver tamén nesta edición de Imaxina Sons.

O son que Carlos “Zíngaro” extrae do violín aseméllase aos sons dos instrumentos de vento, xa que máis que referencias de violín, o músico portugués ten unha admiración especial por clarinetistas e saxofonistas. En efecto, pezas como Shakhachi, incluída nun disco solista gravado no mosteiro dos Xerónimos, parecen ser interpretadas cunha frauta xaponesa máis que cun violín. A biografía de Carlos Zíngaro é a dun artista inqueda, envorcado coa experimentación nun amplo abano de disciplinas. Recentemente tamén promoveu a asociación cultural portuguesa Granular, que xorde para adicarse ao desenvolvemento e promoción da arte experimental, cos obxectivos de conectar artistas e organizacións promovendo colaboracións interdisciplinares e fomentar a experimentación con proxectos educativos en diferentes espazos.



Mércores 30 de xuño, 21:30 h.

Salón de Actos do MARCO

Marisco Fresco

Desde hai anos Germán Díaz (Valladolid, 1978) traballa para amosar que a zanfona é un instrumento que se adecúa perfectamente á música contemporánea. Por esa razón, para moitos especialistas é un dos músicos máis sorprendentes dos últimos tempos; algúns din que toca a zanfona como se fose un instrumento distinto –pónase o caso, o violín-, o certo é que a sonoridade do instrumento nas mans de Díaz resulta impredecible. Diego Martín é un dos baterías máis recoñecidos en España nos últimos tempos; desde os anos noventa formou parte de bandas de pop, de folk e de jazz, entre eles un dos grupos españois máis exitosos, Celtas Cortos. Ambos proceden desa terra interior que é Castela pero adoran os froitos de mar; Germán Díaz muda en langosta e Diego Martín en centola cando soben ao escenario como Marisco Fresco.



Con este proxecto o dúo de músicos lánzase a explorar a improvisación con moito sentido do humor e con instrumentos que se convierten en caixas de sorpresas. O salpición deste Marisco Fresco conta cuns ingredientes especiais; a receita, nas palabras de Germán Díaz, xorde “da mestura dos timbres dun instrumento medieval -arcaico e extravagante- como é a zanfona, a sonoridade máxica dun instrumento mecánico como é a caixa de música programable, os interesantes e particulares sons da batería personalísima de Diego Martín, todo iso aderezado coa electrónica e os loops en directo”.

Hai aproximadamente cinco anos que Germán Díaz cambiou a paisaxe de Castela pola pedra e pola choiva de Santiago de Compostela; en boa parte por atopar máis cancha para o traballo musical que lle interesa desenvolver. E non se pode dicir que a música non lle veña da familia, con dúas avoas pianistas e un tío chamado Joaquín Díaz, posiblemente o etnógrafo e folclorista máis reputado da península quen, por certo, interpreta un tema en euskera no disco Nube de Nanas (2010) que o zanfonista ven de editar no seu selo Producciones Efimeras. Malia a súa xuventude, Germán Díaz gravou en 2003 o seu primeiro disco en solitario El sueter de Claudia (Dro East West) e posteriormente formou parte do proxecto Zona Acústica encabezado por Baldo Martínez e promoveu o RAO Trío co baixista Cesar Díez e con Diego Martín á batería. Ademais puxo en marcha Brigada Bravo & Díaz interpretando en clave de jazz, xunto ao guitarrista Antonio Bravo, temas da Guerra do 36. Pola súa parte, Diego Martín ten tras de si un longo percorrido na batería; nos anos noventa do século pasado en grupos pop como Hombres Azules o El Viaje de las Flores; xa un pouco máis tarde en formacións de jazz como o sexteto do guitarrista Charlie Crespo ou xunto a Jesús Cifuentes, o que fora líder do grupo Celtas Cortos, en Calaña Sound, o proxecto que o cantante argallou cando deixou en 2002 o afamado grupo. Precisamente en 2006, cando a banda valisoletana volveu reunirse con Cifuentes á fronte, Diego Martín incorporouse á formación como batería, á que segue vinculado e que se mete de novo en estudio de gravación nesta primavera de 2010.

Marisco Fresco chega á sexta edición do Festival de Jazz de Vigo Imaxina Sons como prato singular e dese xeito foi incluído con anterioridade nos menus de encontros como o Festival Serralves em Festa organizado polo Museo de Arte Contemporánea Serralves, do Porto e o Festival Internacional de Música Improvisada Hurta Cordel, celebrado na Casa Encendida, Madrid.

Diego Martín, batería, percusión e efectos especiais
Germán Díaz, zanfona, caixa de música e living loop

www.germandiaz.net




Xoves 1 de xullo, 20:30 h.

Auditorio do Concello

Red Trio + John Butcher

O convite era prometedor. Tres músicos da nova escena da improvisación libre portuguesa chaman a un dos grandes exploradores da música desde a década dos setenta. O resultado en forma de minixira en Portugal acada un grande éxito. O británico John Butcher (Brighton, Reino Unido, 1954) únese aos membros de Red Trio para mostrar en Vigo o porque desá aclamación. Dúas xeracións de músicos unidas con conceptos afíns ao redor da música improvisada. Á intensidade do traballo do trío portugués, que ás veces pode ser definido case como violento, súmase a experiencia dun saxo que xa hai tempo que rachou coa barreira do son.



Partindo do trío de piano do jazz, unha das formacións máis exploradas na súa historia, Red Trio afástase do paradigma situando no mesmo plano de importancia sonora todos os instrumentos que o constitúen. Rodrigo Pinheiro (Covilhã, Portugal, 1973) no piano, Hernâni Faustino (Lamego, Portugal, 1964) no contrabaixo e Gabriel Ferrandini (Monterrei, EUA, 1976) na batería son os membros deste trío vermello, no que o nome semella acaído tendo en conta o nivel de intensidade da súa proposta. Unha gama de son que vai desde o silencio até descargas de enerxía que sorprenden á audiencia. Rodrigo Pinheiro estudou e colaborou con músicos como Carlos Zingaro, Peter Kowald, Gunther Muller, e recentemente con John Zorn quen dirixiu a Cobra Portuguese Ensemble na que o membro do Red Trio tocaba o piano. Hernâni Faustino comezou a finais dos setenta a tocar o baixo eléctrico en bandas de rock e desde 1990 concéntrase no contrabaixo; as súas inxerencias conducírono a outras linguaxes como a da fotografía cun traballo expresivo e intuitivo como o que intenta desenvolver na súa música. Por último, Gabriel Ferrandini está considerado como un dos músicos con maior proxección de futuro en Portugal; este fillo de pai portugués nacido en Mozambique e emigrado a Brasil e de nai brasileira con ascendencia italiana emigrada aos Estados Unidos, descubriu o jazz, porén, en Portugal, onde vive desde os nove anos.

A John Butcher custoulle bastante mercar un saxo nos tempos de estudante; aquel instrumento que non entraba dentro da concepción familiar dos estudos de música. Primábase a guitarra, que era barata, ou o piano, que representaba o clásico. Pero Butcher quería tocar o saxo, incluso antes de comezar os seus estudos universitarios de Física, nos cales se doutorou en 1982. A partir de aí, a música centra toda a súa vida; nun primeiro momento como un músico convencional en formacións como a big band de Chris Burn e que incluso gañou un premio da televisión pública BBC. Aínda que o bebop tivo o seu momento para Butcher, o rock, a electrónica e a música improvisada eran xa realidades a explorar na súa primeira etapa como músico. Forma un trío nos oitenta xunto ao guitarrista John Russell e o violinista Phil Durrant; tamén continua colaborando con Burn polos camiños do free jazz coa London Improvising Ensemble e da mesma década é o seu cuarteto de saxo soprano con Evan Parker, Trevor Watts and Lol Coxhill.

Desde aquela, tanto en solitario como colaborando con outros músicos, o británico transita pola continua exploración que o leva a proxectos site-specific e a asociacións con figuras como o xaponés Toshimaru Nakamura, expoñente do onkyo, lectura xaponesa da improvisación libre alimentada coa electrónica. No seu propio selo, Weight of Wax, Butcher editou recentemente a peza somethingtobesaid interpretada polo grupo creado expresamente en 2008 para o Festival Huddersfield. Red Trio acaba de editar en 2010 o seu primeiro cd co selo Clean Feed, un dos puntais da escena portuguesa considerado en 2008 "Selo do Ano" pola publicación estadounidense All About Jazz.

Rodrigo Pinheiro, piano
Hernâni Faustino, contrabaixo
Gabriel Ferrandini, batería
John Butcher, saxo

redtrio.info
www.myspace.com/redtriospot
www.johnbutcher.org.uk
www.myspace.com/johnbutchersax



Xoves 1 de xullo, 23:00 h.

Praza da Constitución

Yves Robert Trio

Un dos concertos previstos nesta sexta edición de Imaxina Sons está protagonizado por un dos músicos contemporáneos máis orixinais da escena europea. Yves Robert (Chamalières, Puy de Dome, Francia, 1957), trombonista, compositor e improvisador de grande talento, toca de forma limpa extraendo do instrumento sons inusuais que reverten nunha atmosfera de fantasía, humor e emoción. Moi solicitado no ámbito do jazz europeo, o festival de Vigo acólleo na formación de trío, xunto ao contrabaixista Bruno Chevillon (Valréas, Francia, 1959), considerado uns dos mellores músicos do jazz galo e, como Yves Robert, asociado a boa parte dos proxectos do saxofonista e clarinetista Louis Scavis, e o batería Franck Vaillant (París, 1972), que xa xirou por todo o mundo acompañando a grandes figuras do jazz e lidera o grupo experimental e electrónico Benzine.



Yves Robert estudou durante nove anos frauta e trombón no conservatorio de Vichy; na súa abordaxe do jazz seguiu axiña o camiño do free jazz. A principios dos anos oitenta comeza a súa colaboración coa ARFI (Association à la Recherche d'un Folklore Imaginaire), en Lyon, unha asociación que busca a promoción da música improvisada, o jazz experimental e a creatividade musical en xeral creando espazos de traballo, de intercambio e de reflexión; tamén se implicaría na GRIM (Groupe de Recherche et d'Improvisation Musicales) de Marsella. Desde aquela Yves Robert colaborou con artistas e formacións como Bernard Lubat Company, La Marmite Infernale, Orchestre National de Jazz, Daniel Humair Réunion, Derek Bailey Company, Irène Schweizer, Michel Portal Unit, Marc Ducret Group e Joëlle Léandre Paris Quartet, entre outros moitos nomes e proxectos. Entre 1988 e 1990 liderou un trío de éxito con Aaron Scott e Bruno Chevillon, para formar despois o seu cuarteto xunto a Claude Tchamitchian, Alfred Spirli e Philippe Deschepper.

Entre 1997 e 1998 colabora con Nicolas Becker, especialista en efectos de son, na creación da banda sonora da película *Un Spécialiste*, dirixida por Eyal Silvan e Rony Brauman, baseada no xuízo en 1961 ao nazi Adolf Eichmann en Xerusalén tras ser capturado en Arxentina e que foi estreada no festival de Cannes en 1999. Tamén embarcouse en proxectos relacionados co teatro colaborando en pezas como *La Baraque Rouge*, unha jazz-ópera de Gérard Marais, *Futurities*, de Steve Lacy e *Silences* de Joëlle Léandre. Desde hai máis dunha década traballa en dous enriquecedores proxectos ao seu nome: un quinteto e o potentísimo trío con Chevillon e Vaillant co que se achega ao festival vigués.

Yves Robert, trombón
Bruno Chevillon, contrabaixo
Franck Vaillant, batería



Venres 2 de xullo, 20:30 h.

Auditorio do Concello

Arild Andersen Trio

No ano 2008 o contraabaixista Arild Andersen (Lillestrom, Noruega, 1945) lanzaba para a discográfica ECM o seu primeiro disco en directo desde aquel Molde Concert (ECM, 1982). Facíao co seu novo trío, acompañado de saxo Tommy Smith (Edimburgo, Escocia, 1967) e do batería Paolo Vinaccia (Italia, 1954), e co título Live at Belleville. Segundo as críticas recibidas por parte de medios como All About Jazz, non podía ter feito mellor escolla e esta gravación é a mellor de toda a súa carreira. En xaneiro de 2009 Arild Andersen foi nomeado Músico Europeo de Jazz do ano 2008 pola Academia do Jazz de Francia, precisamente por este disco ao vivo, gravado en dúas noites de setembro de 2007 neste club de Oslo.


A carreira de Andersen comezou como membro do Jan Garbarek Quartet, do que formou parte entre 1967 e 1973. Paralelamente traballaba coa cantante norueguesa Karin Krog e acompañaba aos músicos americanos de xira por Europa como Dexter Gordon, Phil Woods, Sonny Rollins, Don Cherry ou Chick Corea, entre outros. Nos primeiros anos setenta visitou os Estados Unidos varias veces para traballar co Stan Getz Quartet, Sam Rivers Trio ou Sheila Jordan. En 1974 forma o seu propio cuarteto co que grava tres discos para ECM, discográfica coa que continúa traballando nos seguintes anos. En 1982 forma The Arild Andersen Quintet, do que forma parte tamén Nils Petter Molvaer, que máis tarde cambiará o nome por Masqualero, unha banda que foi referente do jazz europeo durante dez anos, xirou por todo o continente, polos Estados Unidos e por Canadá e editou catro discos. Nos anos noventa Andersen investigou a maneira de incorporar o folclore noruegués á música improvisada comezando unha colaboración coa cantante Kirsten Braaten Berg, unhas das figuras do folk no país nórdico. O resultado Sagn, un traballo gravado en 1991 polo selo noruegués Kirkelig Kulturverksted e posteriormente reeditado por ECM. É no ano 1998 cando forma o trío co trompetista alemán Markus Stockhausen e o percusionista francés Patrice Heral.

Neste novo e contundente trío, Andersen conta co especial talento do saxofonista escocés Tommy Smith's, quen aparece na escena de Edimburgo na adolescencia, gravando o seu primeiro disco aos dezaseis anos e obtendo axiña unha bolsa para asistir ao Berklee College of Music, de Boston. En 2009 recibiu o premio da BBC "Corazón de Jazz", relativo ao ano anterior. Nacido en Italia pero desde hai máis de vinte e cinco anos en Noruega, Paolo Vinaccia parece máis un batería de heavy metal que un reputado músico de jazz. As aparicións enganan e Vinaccia é unha figura central na escena jazz europea colaborando, entre outros, con Nils Peter Molvaer, Palle Mikkelborg ou Bugge Wesseltoft. En definitiva, tres grandes talentos que poñen en pé unha obra musical no que o lirismo medido e o factor impredecible van en equipo converténdose nunha das máis reseñables do jazz dos últimos tempos.



Arild Andersen, contraabaixo
Tommy Smith, saxo
Paolo Vinaccia, batería

www.arildandersen.com
www.tommy-smith.co.uk
www.paolovinaccia.com



Venres 2 de xullo, 23:00 h.

Praza da Constitución

Roberto Somoza Jazz Orchestra. The Vanguard

Por un lado, un tributo ao saxo alto. Por outro lado, un formato de orquestra moderna de jazz. Con eses vimbios, Roberto Somoza (Londres, 1971) constrúe o seu cuarto traballo como líder, The Vanguard (Xingra, 2009), que vai presentar no 6º Festival de Jazz de Vigo Imaxina Sons. Con algúns dos mellores músicos do país, Somoza segue medrando e presenta unha selección de composicións orixinais cunha pequena orquestra cimentada na suma dun formato de cuarteto máis unha sección de metais. Creatividade e frescura que se poderán gozar nese club de jazz ao aire libre que será a Praza da Constitución durante o festival.

A formación como músico de Roberto Somoza está vinculada ao Conservatorio de Música da Coruña, onde realizou estudos de clarinetista, teoría musical e harmonía e onde, bastantes anos máis tarde, exerce de profesor de saxofón. Na adolescencia comezou tocando o saxo de forma autodidacta e máis tarde pasaría a estudar con prestixiosos músicos como Pedro Iturralde, Benny Wallace, Chucho Valdés, James Williams, etc. Somoza pertence á xeración que desenvolve o jazz en Galicia a partir do caldo de cultivo creado nos anos oitenta por proxectos tan emblemáticos como Clunia, formación á que se uniría recentemente xunto aos membros orixinais. Comparte proxectos con músicos de moi variados estilos. Con cantantes como Uxía, Carmen Rey e Maite Dono e tamén coa gaitreira Susana Seivane; tamén toca xunto a pianistas como Alberto Conde e Nani García e integrouse en formacións como Marcos Teira Cuarteto, Trío Jazzers, Fanjazz, Bennie Green ou Pepe Evangelista Quinteto.



Publica o seu primeiro disco como líder Regra de Tres (Xingra) en 2004. Co seu segundo traballo discográfico Tempos de Cambio (Xingra, 2006) conseguiu o beneplácito de crítica e público e en 2008 lanza o seu terceiro disco como líder de formación, Trío Eléctrico (Xingra), acompañado por dous dos grandes músicos da escena jazzística galega; Kin García no baixo eléctrico e Fernando Llorca na batería, ambos compañeiros de viaxe neste cuarto disco The Vanguard. O saxofonista participa nesta edición por partida dobre, xa que na xornada de peche do festival, Atlantic Bridge, formación galego-americana da que forma parte, presentará o seu traballo en Vigo. Roberto Somoza posúe unha formidable capacidade de traballo alén do seu talento creativo. O seu saxo pode escoitarse nas gravacións discográficas de numerosos artistas, desde o jazz até o pop e o rock; ten participado en bandas sonoras para a televisión e para o cine como é o caso de Blanca Maldison (2000), filme dirixido por Carlos Amil ou das colaboracións co compositor Lucio Godoy, premio Goya 2007 ao mellor tema orixinal. A edición discográfica de The Vanguard, Roberto Somoza gravou nos estudios Bruar, contado así coa complicidade dun histórico do jazz en Galicia como é Nani García.

Roberto Somoza, saxofón alto
Hansel Luís Díez, trompeta e fliscorno
José Somoza, trompeta e fliscorno
Fernando Froján, trombón
Pedro Lamas, saxo barítono
Jacob de Miguel Bueres, piano
Kin García, contrabaixo
Fernando Llorca, batería

www.robertosomoza.com
www.myspace.com/robertosomoza



Sábado 3 de xullo, 20:30 h.

Auditorio do Concello

Franz Koglmann Monoblue Quartet Lo-lee-ta. Music on Nabokov

O espectador ideal para un concerto do compositor e trompetista Franz Koglmann (Mödling, Austria, 1947) debe, en primeiro lugar, ter a mente aberta, é dicir, rexeitar unha estrita división dos xéneros musicais e, en concreto, do que é ou non é jazz. Como segunda condición desexable, debe, se non ser experto, ter interese pola poesía, as artes visuais, o cine, a filosofía ou a cultura popular. Koglmann aborda o jazz desde todas estas disciplinas; nesta ocasión, a novela Lolita de Vladimir Nabokov, publicada en 1955, é o leiv motiv do proxecto. Para o músico austríaco, o jazz impregna a música de todos os estilos, pero entendido como dogma xa non ten razón de ser; así de contundente amósase o trompetista que deixou de beber do free jazz para ter cada vez máis afinidade co cool jazz, esa corrente xurdida na Costa Oeste norteamericana nos anos cincuenta como solución de continuidade para o jazz.



No Monoblue Quartet, liderado por Koglmann, atopamos ao saxofonista Tony Coe, colaborador nos anos setenta de Henry Mancini e responsable deses sós tan característicos que acompañaban a The pink panther. O Monoblue Quartet é unha escisión do grupo Pipetet, formación de dezaoto compoñentes liderada por Franz Koglmann. A súa primeira actuación tivo lugar en 1990 baixo o título Monoblue, inspirada nos traballos monocromáticos en azul do artista francés Yves Klein. Desde aquela o cuarteto gravou varios discos We Thought about Duke (Hat Hut, 1995) coa colaboración do saxofonista Lee Konitz, Make Believe (1998), baseado na novela Les enfants terribles de Jean Cocteau, An Affair With Strauss (, 2000), Fear Death by Water (2003) e Lo-lee-ta. Music on Nabokov (2009). Os catro últimos están editados en Between the Lines, un selo radicado en Alemaña, impregnado da filosofía do músico vienés —é o seu director artístico- en canto á aposta por música “que vai ao cerebro” e que abala entre o jazz e a música contemporánea.

Na casa familiar de Koglmann respirábase música, cunha nai cantante e un avó materno acordeonista; o futuro trompetista e compositor estuda música clásica durante a décadas dos sesenta e jazz entre 1969 e 1972 no Conservatorio de Viena, sendo un dos primeiros alumnos desta especialidade que se acababa de instaurar. Viaxa aos Estados Unidos, onde pasa un ano entre Filadelfia e Nova York, aproveitando a oportunidade de escoitar aos grandes do jazz no mítico local Village Vanguard. No seu retorno a Europa, decide que o camiño do jazz no vello continente non debe ser a imitación do canon americano. Naquel momento decátase de que os estándares jazzísticos concibidos na comunidade afroamericana dos Estados Unidos non lle serven e rexeita o swing como criterio para a súa música. Desde os anos oitenta centra grande parte do seu traballo na composición. En 1992 estrea na Konzerthaus de Viena The Use of the Memory, unha suite en nove movementos, compedio da música do século vinte e calificada por parte da crítica como unha obra, non post-moderna, senón post-música clásica.

No Monoblue Quartet acompañan a Koglmann o tamén austríaco Peter Herbert, contrabaixista, e dous músicos británicos, o novo Edward Renshaw, guitarrista e responsable da parte electrónica, e o veterano Tony Coe quen, como xa se mencionou, colaborou co compositor Henry Mancini nalgunhas das súas bandas sonoras máis populares e que foi en 1995 o primeiro músico europeo en gañar o cobizado premio danés Jazzpar. Para presentar o traballo de Franz Koglmann botamos man das súas propias palabras: “A miña música é unha combinación de diferentes influencias: en primeiro lugar, Franz Schbert, en segundo lugar, a segunda Escola de Viena de Arnold Schoenberg e Anton von Webern e en terceiro lugar, o son do cool jazz, Chet Baker, Jimmy Giuffre e Lennie Tristano. Quizais esas tres cousas definan a liña de Koglmann”.

Franz Koglmann, trompeta e fliscorno
Tony Coe, saxo tenor e clarinete
Ed Renshaw, guitarra e electrónica
Peter Herbert, contrabaixo



Sábado 3 de xullo, 23:00 h.

Praza da Constitución

Irene Aranda Quinteto

Irene Aranda (Xaén, 1980) medrou escoitando música, en concreto pasodobres e música clásica xa que a súa avoa era pianista e o seu avó tocaba o óboe ademais de compoñer e dirixir unha banda. Foron eles os primeiros mestres da pianista e compositora antes de que comezara a súa formación oficial no conservatorio de Xaén e antes de verse atrapada polo engado do jazz. Irene Aranda leva na súa maleta a bagaxe da tradición andaluza e española, pero o seu non é flamenco jazz. A súa concepción musical é moi aberta e, en calquera caso, o que se percibe desde o primeiro momento é a súa sólida formación clásica. No quinteto que lidera esta artista e que forma parte do sexto Imaxina Sons atópanse Juan Ull, saxo, Paul Evans, trompeta, Mathew Baker, contrabaixo, e Vicente Espí, batería.

A través dos seus estudos musicais Irene Aranda afondou no flamenco e no folclore español da man de Albéniz, Falla e Granados; de aí pasou a enchouparse das composicións de Bach, Bartók, Prokofiev e Stravinsky. Pero faltáballe algo. Ou mellor dito, había un son ao que ela quería chegar e que era o que se desprendía dos discos de jazz do seu pai. A pianista di que descubrir as sétimas maiores cambiou a súa vida e que pasar a formar parte da big band do conservatorio de Xaén conduciuna de cabeza ao swing, o latin-jazz e o funk. Estabamos na década dos noventa e Irene tamén escoitaba a Guns and Roses, Nirvana, Mano Negra e Extremoduro. Así que as orixes familiares, a experiencia na big band, as súas pescudas ao redor da música e, algo que a pianista sempre reseña, os consellos de artistas experimentados, converteron a Irene Aranda na intérprete e compositora que é na actualidade. E, aínda que resulte tan obvio que xa non é preciso explicitalo, nunha das poucas mulleres que poboan o mundo do jazz na península. A propia Irene Aranda constatou que hai que ser moi botada para adiante para facerse oco nun ámbito xa de por si tan singular como é o jazz e, segundo a súa teoría, custa tanto que unha vez situada xa estás preparada para liderar proxectos propios.

En formación de quinteto editou o disco *Interfrequency 23 7* (Seda Jazz, 2008), un traballo de composicións orixinais exceptuando un arranxo dun tema de Bela Bartók. Aranda, que reside actualmente en Valencia, participou en diferentes festivais de jazz do Estado; precisamente en marzo de 2010 o ciclo xoven de jazz da Universidade de Málaga centrouse nas mulleres, reunindo á batería Lucia Martínez, a cantantes como Doris Cales ou Suzette Moncrieff e pianistas como Dena DeRose –tamén cantante e con tres Grammys no seu haber- e a propia Aranda. Na súa formación de quinteto ten como man dereita a Mathew Baker, contrabaixista da orquestra da ópera do Palau de les Arts de Valencia, e está arroupada por músicos con percorrido como Juan Ull, Paul Evans e Vicente Espí. Se na pasada edición o programa do Festival de Jazz de Vigo contou coa presenza doutra nova e brillante pianista española de jazz, Marta Sánchez, como membro da big band de Santiago de la Muela, nesta ocasión será Irene Aranda, liderando o seu quinteto e mostrando a súa capacidade para crear ambientes, a constatación de que non hai nada, na teoría, que explique porque as compositoras e instrumentistas continúan ser raras avis no mundo da improvisación.



Irene Aranda, piano
Paul Evans, trompeta
Juan Ull, saxo
Mathew Baker, contrabaixo
Marco Zanoli, batería

www.myspace.com/irenearanda
www.irenearanda.com

Domingo 4 de xullo, 19:30 h.

Auditorio do Concello

Atlantic Bridge

O pianista Alberto Conde (Caracas, 1960) e o guitarrista Steve Brown (Nova York, 1942) coñecéronse en 1980 no primeiro seminario de jazz de Banyoles (Girona); daquela Conde aínda era un intérprete de guitarra que aínda non se pasara ao piano e Brown era unha referencia xa no mundo do jazz. No ano 1985 volveron coincidir en Galicia no I Seminario de Jazz que tivo lugar en Poio, xa convencido Alberto Conde da súa adicación ao piano. Eses dous encontros supuxeron o xérmolo do que vinte e tres anos despois denominaron Atlantic Bridge, ou sexa, unha ponte sobre o océano para unir Galicia e Nova York a través do jazz.



Tras un concerto en 2008 coincidindo cunha xira europea de Steve Brown, na mente destes dous músicos xorde a idea de plasmar o proxecto nun disco homónimo que se gravou en Ithaca, Nova York, a principios de 2009. Atlantic Bridge é a suma de catro músicos galegos: ademais de Conde, o saxo Roberto Somoza, o batería Miguel Cabana e o contrabaixista Kin García, e dous estadounidenses, Steve Brown e o trompeta Walter White. O pianista Alberto Conde, un dos pioneiros do jazz no país desde os anos oitenta, non oculta que Atlantic Bridge nace coa idea de ser un gran proxecto ao que dotar de continuidade. Para Brown, esta ponte supón un desexado achegamento ao jazz europeo e a músicos de alto nivel que aportan as súas composicións orixinais ao proxecto.

A Steve Brown a adicación á música venlle de familia. O seu pai tocaba na orquestra Marimba de Xavier Cugat, o músico catalán que desenvolveu parte da súa carreira nos Estados Unidos poñendo de moda o influxo tropical nas orquestras dos anos cuarenta e cincuenta, na que Steve tamén participou ben novo tocando a guitarra e as congas. Nos primeiros anos de carreira, acompañou a músicos como Ray Charles e Chuck Mangione. Recentemente retirouse como profesor e director do programa de jazz do Ithaca College; á súa longa carreira como guitarrista súmase a súa vocación para trasladar a filosofía do jazz xa a varias xeracións de alumnos. Pola súa parte, Walter White, o segundo norteamericano de Atlantic Bridge, procede dunha familia de Detroit na que a música xogaba un papel importante e esa foi unha das razóns de peso para que o seu destino estivese marcado desde neno. No seu curriculum, traballos con Bob James, Dave Holland, a Orquestra Sinfónica de Detroit, a Lincoln Center Jazz Orchestra de Wynton Marsalis, The Jaco Pastorius Big Band e cun dos seus ídolos de mocidade co que colaborou nos anos noventa, Maynard Ferguson.

¿Que dicir da parte galega nesta ponte atlántica? Os catro músicos sintetizan dalgún xeito o que ten sido o jazz en Galicia nos últimos trinta anos. Alberto Conde é artífice de discos como A Lagoa dos Atlantes (Punteiro/Clave Records 1997), Celtrópolis (Punteiro / Clave Records, 1999), Entremares (Nuba Records/ Karonte 2002) e Andaina (Nuba Records / Karonte 2006) e o seu xeito de abordar o jazz con elementos da música tradicional derivou no concepto de muñeira-jazz. Roberto Somoza, que participa nesta edición do festival ademais coa súa orquestra, e Kin García, que ademais das súas numerosas colaboracións decidiu liderar un trío propio co traballo O lobo que morde a man (Audia Records, 2007), son dous dos músicos máis veteranos na escena galega; o batería Miguel Cabana pertence a unha nova fornada de jazzistas, aínda que xa curtida, como demostran os numerosos proxectos nos que se embarca como Monkillos, tamén no programa de Imaxina Sons 2010.

Steve Brown, guitarra
Walter White, trompeta
Roberto Somoza, saxo
Alberto Conde, piano
Miguel Cabana, batería
Kin García, contrabaixo

www.albertoconde.com



Domingo 4 de xullo, 22:00 h.

Concerto de clausura. Teatro-Sala de concertos do Centro Cultural Caixanova

Dave Douglas Quintet

“O jazz está vivo, é vibrante e é vital”. Quen así fala é un dos músicos máis prolíficos, destacados e convencidos do jazz actual en todo o mundo. Dave Douglas (New Jersey, EUA, 1963), o renomeado trompetista e compositor, considera que o poder da música está por riba das palabras e que, se ben o seu é un traballo persoal como ten que ser o de calquera músico, non deixa de estar conectado coas preocupacións e inquedanzas que moven o mundo. Dúas veces nominado aos Grammy, Dave Douglas será o encargado de abrir a sexta edición do Festival de Jazz de Vigo Imaxina Sons co seu quinteto, un dos seus proxectos máis maduros co que percorre un amplo abano dos sons jazzísticos contemporáneos.



Miles Davis e Wayne Shorter inspiran este proxecto dun trompetista que non só non renega dos que o precederon, senón que se sente obrigado a recoñecer o seu maxisterio. No escenario de Caixanova, formando parte do quinteto de Douglas, o xenial pianista Uri Caine.

Músico precoz, Dave Douglas lembra un seminario na cidade de Barcelona no ano 1978 como o momento no que se comezou a interesarse pola música improvisada. Nos anos oitenta intégrase no proxecto Masada de John Zorn e colabora cunha chea de artistas até que a principios dos anos noventa comeza liderar os seus proxectos con Parallel Words (Soul Note, 1994), cando comezou explorar novos arranxos para autores como Stravinsky, Messiaen, Ellington ou Monk. En 2005 constitúe o seu propio selo discográfico, Greenleaf Music, e entre os proxectos vixentes do trompetista destacan Dave Douglas & Keystone, cun traballo inspirado no cine como o realizado co director experimental Bill Morrison ao redor do mito de Frankenstein no filme Spark of Being (2010), e Dave Douglas Brass Ecstasy, experiencia nacida no Festival de Trompeta de Nova York, fundado polo propio Douglas, cun primeiro disco titulado Spirit Moves (Greenleaf Music, 2009).

Dave Douglas Quintet é un dos seus proxectos máis tardíos, tamén un dos máis duradeiros e estables. Arrincar con esta formación supuxo para el un desafío xa que o seu labor de composición e interpretación requiría del un rol diferente que o exercido noutros proxectos anteriores nos que, paradoxalmente, a complexidade instrumental e a variedade de personalidades musicais tiña maior dimensión. The Infinite (Bluebird / RCA, 2002), o primeiro álbum do quinteto, foi nominado aos Grammy como mellor disco instrumental de jazz; despois virían Strange Liberation (Bluebird / RCA, 2004) coa colaboración do guitarrista Bill Frisell e Meaning and Mystery (Greenleaf Music, 2006). Sen dúbida, a presenza de Uri Caine (Philadelphia, EUA, 1956) no quinteto de Douglas será celebrada pola audiencia do Festival de Jazz de Vigo. Caine é un dos mellores pianistas de jazz, cun traballo caracterizado polo seu achegamento á música culta e a compositores como Mahler, Bach e Beethoven e con máis de quince discos como líder, entre eles o aclamado Toys (JMT 1995, reeditado en 2005) no que tamén colaborou Dave Douglas.

Hiperactivo e rebordante de bo humor, Dave Douglas é considerado por parte da crítica como o jazzista americano máis europeo; o trompeta, porén, renega de etiquetas ao crer que encorsetan e limitan aos músicos e, aínda que sempre conciliador, teimudo na defensa da vitalidade do jazz norteamericano. ¿Que dicir dun jazzista que non ten reparos en admirar —e até revisitar ou colaborar con eles— a artistas como Radiohead, Björk ou Tom Waits? Pois o que el mesmo di: “Pretendo continuar crecendo e teño unha curiosidade insaciábel pola música”.

Dave Douglas, trompeta
Donny McCaslin, saxo tenor
James Genus, contrabaixo
Clarence Penn, batería
Uri Caine, piano

www.davedouglas.com
www.uricaine.com



CD-Dossier

- Dossier en PDF
- Carpeta coas imaxes dos artistas
- Documento PDF cos créditos das imaxes



www.imaxinasons.com

